

Cen anos de Francisco Carballo, o clérigo defensor da nación galega

Este 8 de marzo de 2025 marca o centenario do nacemento de Francisco Carballo, sen dúbida unha das cabezas máis lúcidas da Galiza das últimas décadas. Clérigo, historiador e mestre, toda a súa poliédrica obra está atravesada por un alento humanista que o converteu en defensor dun socialismo de marcada raigame marxista e nun nacionalista galego comprometido coa loita pola soberanía do país.

M. Xestoso 08/mar./25

Unha formidábel altura intelectual e unha insubornábel integridade moral. Todas as persoas que coñeceron **Francisco Carballo** –nado hai exactamente cen anos, o 8 de marzo de 1925, na pequena aldea de Celeirón, da parroquia de Asadur, no concello de Maceda– coinciden en subliñar eses dous trazos da súa personalidade. Mais tamén un compromiso coa causa do nacionalismo galego e do socialismo internacionalista, que entendía desde a fe cristiá que profesou a súa vida.

"Politicamente nacín nos anos 60, no antifranquismo, na loita contra a ditadura. Na conciencia de que o franquismo era un sistema de represión que ía contra o humanismo; contra os dereitos humanos. Entón había que buscar unha democracia de esquerdas, non burguesa, de tipo socialista", confesáballes a **Xan Carballa** e **Santiago Prol** no libro *Conversas con Francisco Carballo*, editado pola editorial A Nosa Terra no ano 2002.

A solidez do seu compromiso e a súa estatura moral fanse presentes no coñecido episodio que o levou a enfrontar un anacrónico proceso xudicial en 1981 –promovido polo sector xudicial afín ao golpe do 23-F– que o puido levar ao cárcere por escribir que Moncho Reboiras fora "asasinado" pola policía. Polo visto, a frase non era directamente de Carballo, senón dos editores, mais aínda así, el cargou coa responsabilidade e foi a xuízo

Compromiso coa sociedade galega

Clérigo, historiador e mestre, Carballo estudou Teoloxía e Historia en Madrid, e o seu extraordinario apetito intelectual axiña o levou a desempeñar cargos relevantes no maxisterio da Igrexa no Estado español, especialmente na súa condición de membro da congregación de San Vicente de Paúl.

En 1973 volveu á Galiza, instalándose a Vigo, como mestre da Escola Universitaria de Maxisterio, iniciando un amplo labor como escritor e historiador, e implicándose no desenvolvemento de iniciativas culturais no ámbito do nacionalismo galego.

Viña de ser o reitor do Teologado dos Paúles de Salamanca, un cargo que o situaba na cúpula eclesiástica e que podía facilmente abrírlle as portas dun bispado. Mais preferiu romper con aquilo para ir vivir a Vigo para traballar desde a base.

Xa na Galiza, **mergullouse profundamente nos movementos emancipadores do país**: no ámbito da política, comprometéndose coas forzas nacionalistas, e chegando a ser, en tempos moi difíciles, candidato ao Senado polo BN-PG (Bloque Nacional Popular Galego) en 1977, pola provincia de Ourense, despois de ser un dos promotores desta coaligazón electoral; no sindicalismo docente, desde a UTEG (Unión de Traballadores do Ensino da Galiza), a primeira organización sindical operaria de definición e actuación nacionalista da historia do país; na investigación, co seu traballo, por exemplo, na colección *Historia de Galiza*, na escola de historiadores; no **asociacionismo cultural**, desde a Cultural de Vigo; na relixión, desde as revistas *Irimia* ou *Encrucillada* e o seu labor teórico espallado en libros como *A igrexa galega* e espallado tamén en dúzias de artigos; no mundo editorial, en Promocións Culturais Galegas.

Militancia e conciencia

Malia a diversidade de intereses aos que o encamiñaba a súa curiosidade intelectual, hai que salientar a súa coherencia á hora de cumprir obxectivos políticos, culturais e sociais dirixidos sempre a favorecer unha conciencia nacional galega.

Carballo foi tamén un militante xeneroso, disposto a asumir responsabilidades e teimudo defensor da unidade do nacionalismo de esquerdas. Estendeu a súa **defensa da lingua a todos os ámbitos**: liturxia, docencia, divulgación, creación, cultura... E, na liña da súa concepción da democratización do poder, mantivo sempre presente un obxectivo elemental, mais prioritario: "dar a coñecer ao pobo galego a súa historia".

Tamén no xornalismo –que empregaba como ferramenta para a divulgación e a creación de masa crítica–, como impulsor da nova etapa do semanario *A Nosa Terra*, cuxo consello de administración presidiu durante moito tempo... Trinta e cinco anos despois, Carballo volveu facer parte do grupo promotor dun novo medio de comunicación galego, *Sermos Galiza*, que máis tarde comezaría a editar *Nós Diario*.

"Divulgar vennos de asimilar a corrente da Ilustración e as posteriores a través de Marx e da historiografía actual, de que que a ciencia non é para un grupo de intelectuais. A ciencia é para transformar o mundo. Se non se comunica, non serve de nada", afirmaba no xa citado libro de conversas con Carballa e Prol. E as súas ferramentas non procedían exclusivamente dunha **sólida formación intelectual** que se encargou de ampliar en París, Londres e Roma, nunha altura na que semellante expansión de horizontes era aínda infrecuente na Galiza. Tamén dun carácter tolerante e empático, dunha predisposición ao diálogo aberto que lle permitía conectar con todo tipo de xente, mesmo coa máis afastada dos seus principios ideolóxicos. "Carballo era unha das persoas máis informadas que coñecín. Tiña antenas en todas as partes e en todos os bandos. E sabía usalas", lembraba o xornalista e escritor Afonso Eiré, con quen traballou man a man, en *A Nosa Terra*, durante moitos anos.

Homenaxe en Maceda

A Asociación Amigos de Francisco Carballo (AAFC) organiza o vindeiro sábado 15 unha xornada de homenaxe para conmemorar o centenario. Unha ofrenda floral no cemiterio de Asadur iniciará a unha serie de actos que rematarán cun encontro no Salón de Actos do Concello de Maceda onde –con Santiago Prol, presidente da AAFC como mantedor– haberá música (Ergutío

Cantareiras), a proxección do audiovisual *Lembrando a Francisco Carballo* e intervencións da concelleira de Cultura, Beatriz Cuenca; do presidente da Fundación Terra e Tempo, Francisco Rodríguez; de Milagros Calvo Carballo, sobriña do homenaxeado; dos cregos Manuel Peleteiro e Antón Gómez; do xornalista Xan Carballa; do ex alcalde de Maceda Bieito Seara; e da portavoz nacional do BNG Ana Pontón.

Monográfico de *Terra e Tempo*

No acto de homenaxe do día 15, en Maceda, presentarase o monográfico *Francisco Carballo. Na fronteira do eclesial e co corazón na Galiza*, que edita a revista Terra e Tempo e que ofrece unha completa e detallada panorámica sobre a figura, a obra e a traxectoria de Carballo. A publicación conta cun nutrido grupo de colaboradores e especialistas –Francisco Rodríguez, Milagros Calvo Carballo, Antón Gómez, Victorino Pérez Prieto, Pilar Allegue, Santiago Prol, Xosé Lois Ruiz Vicente, Anselmo López Carreira, Bieito Lobeira, Bieito Seara, Xoán Carlos Garrido Couceiro e Santiago Prol–, que analizan a traxectoria vital, intelectual e política de Carballo desde múltiples perspectivas: a do relixioso comprometido, a do activista cultural, a do xornalista...